

Teresa Costa-Gramunt

Mamae, mamae por que me deixaches?

O sol vénlle de cara, oféndelle de xeito penoso os ollos. É o mesmo sol inclemente, que deixa ferida, de aqueles días de verán pasados en Cadaqués. Daquela Cécile tiña once anos e, levantando cun temor reverencial os ollos da area áspera e escura, buscaba sempre con desespero a ollada indiferente da nai que a abandonaba.

Hoxe, cara á praia de Port Lligat, lembra con toda exactitude o intento de estrangulamento perpetrado por Luís Buñuel contra a súa nai. Aínda ve a Buñuel coma un energúmeno, coma un poseso que se bota enriba dunha figura de cervo, ve os ollos que brillan, en estado salvaxe, uns ollos negros e inchados que lle dan arrepiños á mociña de once anos.

Aquela tarde o grupo de amigos andara a facer unha merenda campestre. Gala Éluard, a quen gustaba moito andar con pantalóns curtos, había días que estaba anoxada con Luís Buñuel porque espallara aos catro ventos que a cousa que máis lle repugnaba da anatomía feminina eran unhas coxas delgadas, unhas coxas daquelas que non se tocan na parte interior senón que deseñan un espazo no medio... Gala tiña esas coxas, e si dalgunha cousa estaba orgullosa era da harmonía do seu corpo, aquel corpo que tantas veces ía exaltar Dalí nas súas pinturas máis redondas.

A merenda transcorría placidamente cando de súpeto Luís Buñuel brincou coma un sapo á gorxa de Gala encirrado polas impertinencias que aquela lle dedicaba con cinismo. O sapo botóuselle enriba coas gadoupas dun tigre co ánimo de esganala. A pequena Cécile púxose a berrar e berrar con espanto, berrou con todas as forzas até que o ogro botou a súa presa no chan. Este feito violento e o sol de morte que lle cegaba as meniñas dos ollos eran as dúas únicas cousas que Cécile lembraba da súa estadía estival en Cadaqués.

Violencia física, luz violenta e a sensación de violencia que lle supoñía o progresivo abandono da súa nai... Porque a partir do verán de 1929, Gala Eluard sería Gala Dalí, e de Cécile Eluard, da filla que hoxe vai cara a Port Lligat, non querería saber máis nada transgredindo así os arquetipos da nai coidadora e nutricia. Gala só foi maternal con Dalí e despois con aqueles folgazáns, aqueles amantes novos que de vella mercaba ao mesmo prezo que os millónarios os cadros de Dalí. Cécile, a única filla de Gala, tiña sido un accidente na súa vida; logo, noxo e esquecemento. Mentres as comadres da veciñanza dirían, desaprobando: “ Como o paxaro que deixa o niño, así a nai que abandona o seu cativo...”

Cara a Port Lligat, a Cécile cégaa a potente luz do sol. Pódese dicir que non ve nada, que anda ás apalpadelas coma se a guíase a luz dun faro opaco. Segue un impulso filial, desexa que o seu afecto non sabe se instintivo ou voluntario, penetre coma as augas dun río no océano do amor materno. Cécile Eluard devece pola derradeira aperta á nai que, segundo lle dixeron, está a morrerlle en Cadaqués.

Gala agoniza no seu cuarto. A historia de amor que empezara coma un fastoso idilio entre un exaltado trovador e a súa altiva dama rematou cun irado golpe de bastón. Malas linguas aseguran que foi o pau de Dalí quen, meses atrás, fixo caer Gala polas escaleiras abaixo.

Cécile quere despedirse da nai, quere apertar a Gala, non se resigna ao que ela cre un inxustificado rexeitamento. Cando peta na porta da casa de Port Lligat que Gala compartiu durante máis de cincuenta anos con ese tolo de Dalí, as pernas están a lle tremer. Non saca os lentes de vidros afumados, o branco do ceo e as paredes cégana e cegan... É a mesma brancura horribel que a traslada á luz mortal do setembro do vintenoventa, cando Gala a deixaba soíña no hotel de Cadaqués, unha criatura con febre, para andar a Port Lligat con Dalí, para xogar con Dalí no xardín dos farallóns.

Gala agoniza no seu cuarto. Durante a estadía no hospital, co fémur rachado, Dalí ignorándoa, dedicouse a ler publicacións científicas. Non quere saber nada da decadencia e da inminente morte de Gala, que lle é o espello da súa propia decrepitude e morte. As consecuencias daquel

accidente precipitaron Gala cara o seu final. O fermoso e inmortal corpo artístico de Gala agora está a podreecer en arrepiantes pústulas.

De pe na entrada, Cécile espera con impaciencia que a deixen entrar. Leva os lentes de dó nas mans, que non sabe onde meter, e os nervios entorpécenlle os acenos máis elementais. O día é cálido, luzde maio que tanto se asemella á luz daquel setembro da súa infancia desolada!

Gala ten os ollos pechados, e non se sabe se é Dalí quen impide que Cécile vea a nai que a negou. Cando o criado volve das habitacións dos seus señores, di a Cécile que a súa nai non quere vela. Que nin no seu leito de morte Gala non quere o reencontro con Cécile.

Cécile abanea, vacila, o seu espírito esmorece cando cruza, tremelicando ela toda, a porta da branca casa de Port Lligat. As bágoas, candentes como demos calcinándose na cacharela dun cadro do Bosco, quéimanlle os ollos que ela agocha baixo os lentes de sol. Abatida, humillada, derrotada, desprezada, exclama berrando coma unha besta ferida e mirando cara arriba, cara á luz que cega: *Mamae, mamae, por que me deixaches?*

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.

Mare, mare per què m'has abandonat?

El sol li ve de cara, li ofèn llastimosament els ulls. És el mateix sol inclement, feridor, d'aquells dies d'estiu passats a Cadaqués. Cécile llavors tenia onze anys, i aixecant amb temor reverencial els ulls de la sorra aspra i fosca, tothora buscava amb desesper l'esguard indiferent de la mare que l'abandonava.

Avui, camí de la platja de Port Lligat, recorda amb tota exactitud l'intent d'estrangulament perpetrat per Lluís Buñuel contra la seva mare. Encara veu Buñuel com un energumen, com un possés que es llança sobre una figura de cèrvol, veu els seus ulls lluents, en estat salvatge, uns ulls negres i botits que fan venir esgarrifances a la mosseta d'onze anys.

Aquella tarda el grup d'amics havia anat a fer un berenar campestre. Gala Éluard, a qui agradava anar amb pantalons curts, feia dies que estava ofesa amb Lluís Buñuel perquè aquest havia esbombat als quatre vents que la cosa que més li repugnava de l'anatomia femenina eren unes cuixes primes, unes cuixes d'aquelles que no es toquen en la part interior sinó que dibuixen un espai al mig... Gala tenia aquestes cuixes, i si d'alguna cosa estava orgullosa era de l'harmonia del seu cos, aquell cos que tantes vegades exaltaria Dalí en la seves pintures més rodones.

El berenar transcorria plàcidament quan tot d'una Lluís Buñuel va saltar com un gripau al coll de Gala burxat per les impertinències que aquesta li dedicava amb cinisme. El gripau va saltar-li al damunt amb les urpes d'un tigre amb ànim d'escanyar-la. La petita Cécile va cridar i cridar amb espant, va cridar amb totes les seves forces fins que l'ogre va deixar a terra la seva presa. Aquest fet violent i el sol de mort que li enlluernava les pupil·les eren les dues úniques coses que Cécile recordava de la seva estada estival a Cadaqués.

Violència física, claror violenta i la sensació de violència que li suposava el progressiu abandó de la seva mare... Perquè a partir de l'estiu de 1929, Gala Éluard esdevindria Gala Dalí, i de Cécile Éluard, de la filla que avui s'encamina cap a Port Lligat, no voldria saber-ne res transgredint l'arquetipus de la mare cuidadora i nutricia. Gala només va ser maternal amb Dalí i després amb aquells pòtols, aquells amants joves que de vella comprava al mateix pre que els milionaris els quadres de Dalí. Cécile, l'única filla de Gala, havia estat un accident en la seva vida; després, nosa i oblit. Mentre que les comares del veïnat dirien, desaprovant: "Com l'ocell que deixa el niu, així la mare que abandona el seu infant..."

Camí de Port Lligat, a Cécile l'encega la potent llum del sol. Es pot dir que no veu res, que camina a les fosques com si la dirigís la claror d'un far opac. Segueix un impuls filial, desitja que el seu afecte no sap si instintiu o voluntari, emboqui com les aigües d'un riu en l'oceà de

l'amor matern. Cécile Éluard sospira per abraçar per última vegada la mare que, segons li han dit, es mor a Cadaqués.

Gala agonitza a la seva cambra. La història d'amor que havia començat com el fastuós idil·li entre un exaltat trobador i la seva alterosa dama ha acabat amb un aïrat cop de bastó. Males llengües asseguruen que el bordó de Dalí, mesos enrere, ha fet caure Gala escales avall.

Cécile vol acomiadar-se de la mare, vol abraçar Gala, no es resigna al que ella creu un injustificat refús. Quan truca a la porta de la casa de Port Lligat que Gala ha compartit durant més de cinquanta anys amb aquest foll de Dalí, les cames li tremolen. No s'ha tret les ulleres de vidres fumats, el blanc del cel i les parets l'enlluernen i enlluernen... És la mateixa blancor espantosa que la trasllada a la claror mortal del setembre del vint-i-nou, quan Gala la deixava tota sola a l'hotel de Cadaqués, una criatura amb febre, per anar a Port Lligat amb Dalí, per jugar amb Dalí en el jardí de les roques.

Gala agonitza a la seva cambra. Durant la seva estada a l'hospital, amb el fèmur trencat, Dalí, ignorant-la, s'ha dedicat a llegir publicacions científiques. No vol saber res de la decadència i de la imminent mort de Gala, que li és el mirall de la seva pròpia decrepitud i mort. Les conseqüències d'aquell accident han precipitat Gala cap al seu final. El bell i immortal cos artístic de Gala ara es podreix en horribles pústules.

Dreta a l'entrada, Cécile espera amb impaciència que la deixin entrar. Té les ulleres de dol a les mans, que no sap on posar, i els nervis li engavanyen els gestos més elementals. El dia és càlid, llum de maig que tant s'assembla a la llum del setembre de la seva infantesa desolada!

Gala té els ulls clucs, i no se sap si és Dalí qui impedeix que Cécile vegi per última vegada la mare que l'ha negada. Quan el criat torna de les habitacions dels seus senyors, diu a Cécile que la seva mare no vol veure-la. Que ni en el seu llit de mort Gala no vol retrobar Cécile.

Cécile es bamboleja, fa tentines, el seu esperit desmaia quan traspassa, tota ella tremolant, la porta de la blanca casa de Port Lligat. Les llàgrimes, roents com dimonis calcinant-se en la foguera d'un quadre d'El Bosco, li cremen els ulls que ella amaga sota les ulleres de sol. Abaltida, humiliada, derrotada, menyspreada, exclama xisclant com una bèstia ferida i mirant amunt, cap a la llum encegadorà: Mare, mare, per què m'has abandonat?...